

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	de Vilalonga	Sanxenxo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV11	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3047	Mecánica do vehículo	2023/2024	11	246	295

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARCOS BLANCO VARELA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1.1. ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DA ZONA

Existe un análise completo do contorno socioeconómico e cultural da zona, que nos da unha información clara e precisa dos factores económicos, sociais e culturais do contorno onde desenvolvemos a nosa actividade e de procedencia do noso alumnado.

O departamento de automoción ten datos sobre o contorno laboral da zona, fundamentalmente os relacionados coa actividade productiva da familia profesional de Transporte e Mantemento de Vehículos, datos que nun futuro próximo, debemos converter nun estudo máis profundo e detallado das esixencias, necesidades e particularidades do mercado laboral.

1.2. CONTEXTO LABORAL E PRODUCTIVO

A nosa área de influencia abarca fundamentalmente, a zona industrial do Salnés e as comarcas Pontevedra-Marin.

1.3. CONCLUSIÓNS

Con estas adaptacións, o perfil profesional do alumno coincide máis coa demanda laboral do mercado e aumentan as súas posibilidades para exercer como profesionais autónomo no futuro, facilitando a súa incorporación a vida activa, cunha perspectiva laboral máis ampla.

Por outra banda, ó adaptar e completa-lo currículo con estas orientacións de tipo práctico aumenta a motivación do alumno e en consecuencia o seu rendemento escolar e o súa capacitación profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Motores		112	34
2	Suspensión e rodas		77	33
3	Transmisións e freos		106	33

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Motores	112

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o mantemento básico do motor de explosión e diésel analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	SI
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de mecánica do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os principios de funcionamento dos motores de explosión de dous e catro tempos en gasolina e diésel cos seus elementos construtivos
CA1.2 Comprobáronse os niveis do circuíto de lubricación e refrixeración e, en caso necesario, repuxéronse, segundo as normas e condicións de seguridade establecidas
CA1.3 Extraéronse e repuxéronse os fluídos do circuíto de lubricación e refrixeración, nas condicións de seguridade requiridas, e comprobáronse os seus niveis segundo as especificacións de fábrica
CA1.4 Realizouse a substitución de compoñentes básicos do circuíto de engraxamento (filtro de aceite, cárter, etc.) segundo os procedementos establecidos e as especificacións de fábrica
CA1.5 Substituíronse elementos básicos do circuíto de refrixeración e comprobouse a ausencia de fugas, aplicando os pares de aperto especificados por fábrica e conforme as condicións de seguridade requiridas
CA1.6 Realizouse a substitución dos filtros do vehículo (de aire, de aceite, de gasóleo, etc.) e comprobouse o seu funcionamento, seguindo as normas e as condicións de seguridade establecidas
CA1.7 Substituíronse as buxías de acendemento e os quantadores en motores de gasolina e diésel respectivamente, utilizando a ferramenta adecuada, e comprobouse o seu funcionamento, seguindo as normas e as condicións de seguridade establecidas
CA1.8 Repuxéronse as correas de servizo e verificouse o seu axuste e o seu funcionamento, conforme as especificacións de fábrica
CA1.9 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA1.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados, procurando non causar dano aos elementos periféricos
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de mecánica do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de mecánica do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo
CA5.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.3 Aplicáronse en todas as fases do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental requiridas
CA5.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.5 Identificáronse os residuos producidos nas operacións realizadas no taller de mecánica e depositáronse nos seus contedores específicos

Criterios de avaliación
CA5.6 Preparáronse convenientemente os residuos, nomeadamente os líquidos, e dispuxéronse para a súa posterior recollida
CA5.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos principais que constitúen os motores.
OTécnicas de substitución e extracción.
Sistema de lubricación: elementos principais que compoñen o circuíto de engraxamento.
Sistema de refrixeración: elementos principais que compoñen o sistema de refrixeración.
Niveis dos circuitos de fluídos.
Tipos de acendemento: elementos que compoñen o sistema.
Sistema de caldeamento diésel: elementos que compoñen o circuíto de quentamento en motores diésel.
Filtros.
Correas de servizo: tipos de correas.
Mantemento das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
As persoas emprendedoras nas operacións de mecánica do vehículo.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de mecánica do vehículo.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos.
Área de traballo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Suspensión e rodas	77

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o mantemento básico do sistema de suspensión e rodas do vehículo, analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	SI
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de mecánica do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os principios de funcionamento do sistema de suspensión e rodas coas características construtivas dos elementos que os compoñen
CA2.2 Realizouse a desmontaxe e a montaxe dos amortecedores do vehículo seguindo as especificacións de fábrica e tendo en conta as condicións de seguridade requiridas
CA2.3 Separouse o amortecedor do seu resorte en condicións de seguridade, utilizando o utensilio axeitado e seguindo as especificacións de fábrica
CA2.4 Desmontáronse e montáronse as barras de torsión dun vehículo e comprobouse a súa posición, seguindo as especificacións de fábrica
CA2.5 Repuxéronse as béstas de suspensión tendo en conta os procedementos establecidos e as especificacións de fábrica
CA2.6 Desmontouse a barra estabilizadora e comprobouse o seu funcionamento e a incidencia destas no vehículo
CA2.7 Relacionouse o tipo de roda e de pneumático coa nomenclatura impresa, a composición e a estrutura
CA2.8 Desmontouse a roda do vehículo, substituindo ou reparando o pneumático co equipamento adecuado, con corrección, identificando as súas partes e seguindo as normas de seguridade estipuladas
CA2.9 Equilibrouse a roda, verificando os seus parámetros, e corríxíronse as anomalías detectadas
CA2.10 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, as ferramentas e os utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA2.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos axeitados
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de mecánica do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de mecánica do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.3 Aplicáronse en todas as fases do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental requiridas
CA5.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades

Criterios de avaliación
CA5.5 Identifícanse os residuos producidos nas operacións realizadas no taller de mecánica e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.6 Preparáronse convenientemente os residuos, nomeadamente os líquidos, e dispuxéronse para a súa posterior recollida
CA5.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de suspensión.
0Nomenclatura das rodas
Tipos de rodas.
Técnicas de desmontaxe e montaxe de rodas.
Equilibrado das rodas.
Equipamentos e ferramentas utilizados.
Técnicas e procedementos nos procesos de traballo.
Mantemento das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
Principios de funcionamento do sistema de suspensión e rodas
Principais compoñentes do sistema de suspensión.
Técnicas de desmontaxe e utensilios.
Amortecedor
Resorte
Barras de torsión
Béstas de suspensión
Barra estabilizadora
As persoas emprendedoras nas operacións de mecánica do vehículo.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de mecánica do vehículo.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos.
Área de traballo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Transmisións e freos	106

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento básico do sistema de transmisión e freos, analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	SI
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de mecánica do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionáronse os principios do funcionamento do sistema de transmisión e freos coas características construtivas e os elementos que o compoñen
CA3.2 Comprobáronse os niveis de fluídos da caixa de cambios e do diferencial, e repuxéronse ou substituíronse en caso necesario, cos utensilios adecuados
CA3.3 Realizouse a substitución dos árbores de transmisión e semiárbores tendo en conta os tipos e os elementos que os compoñen, segundo as especificacións de fábrica
CA3.4 Verificáronse os niveis do líquido de freos e repuxéronse ou substituíronse en caso necesario, segundo os procedementos establecidos
CA3.5 Realizouse a desmontaxe e a montaxe de pastillas e zapatas de freos, e axustáronse os seus elementos segundo as especificacións de fábrica
CA3.6 Substituíronse os discos e os tambores de freos, tendo en conta os procedementos establecidos e as especificacións de fábrica
CA3.7 Verificouse a ausencia de fugas nos elementos substituídos
CA3.8 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel das ferramentas e dos equipamentos utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA3.9 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de mecánica do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de mecánica do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo
CA5.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.3 Aplicáronse en todas as fases do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental requiridas
CA5.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.5 Identificáronse os residuos producidos nas operacións realizadas no taller de mecánica e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.6 Preparáronse convenientemente os residuos, nomeadamente os líquidos, e dispuxéronse para a súa posterior recollida

Crterios de avaliación

CA5.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.3.e) Contidos

Contidos

Tipos de transmisión.

Equipamentos, utensilios e ferramentas.

Aparellos de medida directa.

Mantemento das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica

Técnicas e procedementos nos procesos de traballo.

Principais compoñentes do sistema de transmisión.

Fluido das caixas de cambios e diferenciais.

Técnicas de substitución e extracción.

Tipos de freos.

Líquido de freos.

Principais compoñentes do sistema de freos.

Técnica de substitución.

Desmontaxe e a montaxe de pastillas e zapatas de freos

As persoas emprendedoras nas operacións de mecánica do vehículo.

Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de mecánica do vehículo.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directiva de residuos.

Área de traballo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Teranse como referencia os Resultados de Aprendizaxe a acadar polo alumnado referidos a este módulo, xunto cos Criterios de Avaliación establecidos no correspondente currículo e facendo referencia á porcentaxe indicado en cada unidade didáctica. Os mínimos exigibles figuran no epígrafe 4.c desta programación, onde os criterios de avaliación recollerán os aspectos máis significativos da unidade de traballo, que nos van permitir comprobar que o alumno ten adquirido as capacidades terminais mínimas. As capacidades terminais globais do ciclo e as específicas de cada módulo, teñen que estar en congruencia e nun mesmo e único camiño, lograr o perfil profesional definido en cada título.

O equipo docente traballou sobre uns indicadores comúns a todos os módulos, que nos permitirán medir e observar as capacidades terminais.

A cualificación será numérica entre un e dez puntos, sen decimais, considerándose superada de xeito positivo a avaliación trimestral cando se obteña unha puntuación ou nota igual ou superior a cinco puntos, do contrario avaliarase a avaliación cun 4 como máximo ata que se realice a recuperación das partes suspensas no período de recuperación denominada avaliación extraordinaria.

-Probas teóricas: As probas escritas valoraranse sobre 10 puntos, o valor de cada pregunta especificarase na propia proba da avaliación.

-Probas prácticas: As probas prácticas serán valoradas sobre 10 puntos, en función do seu proceso, dos medios empregados, do resultado da operación e tratamentos de residuos. Neste apartado terase especial atención a que os alumnos empreguen; As medidas de seguridade e hixiene (a non utilización das mesmas impedirá a realización da proba), limpeza da zona de traballo, recoller e limpar as ferramentas, empregar unha secuenciación correcta, actitude e temporalización á hora de realizar as prácticas.

O peso da nota componse do 50% para as probas teóricas, do 50% para as probas prácticas.

Para facer media entre probas escritas e probas prácticas, deberase acadar polo menos unha cualificación de 5, é dicir, superar cada criterio de avaliación que se considere mínimo esixido.

A nota final do módulo, resultará da media aritmética de todas as probas de avaliacións parciais realizadas, sempre e cando sexan positivas e ten que ser superior a 5 puntos.

A avaliación será continua, perdendo o dereito á mesma cando as faltas do alumno/a superen o 10% das horas das que consta o Módulo. No caso de perda do dereito a avaliación continua, o alumno/a poderá realizar una proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do Módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

PLAN DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que non superen os contidos mínimos dos módulos, deberán recuperalos durante a fase de recuperación, seguindo as pautas de realizacións e actividades propostas polos profesores nese momento.

Os criterios de avaliación das actividades de recuperación programaranse de acordo coas unidades didácticas e actividades realizadas e deben garantir o cumprimento das capacidades terminais definidas no título.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Previo acordo na reunión de departamento pertinente, acordarase os contidos e o tipo de probas tanto escrita como práctica, establecidos na ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

A proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua consistirá en probas en base aos contidos impartidos ao longo do curso. Para superar este exame deberá obterse un mínimo de 5 valorado sobre 10, en cada unha das partes nas que se configura o mesmo:

1-Parte teórica: Nun cuestionario cunha serie de preguntas e-ou exercicios, na que o peso da cualificación de cada pregunta e-ou exercicio

aparecerá indicada no mesmo.

2-Parte práctica: Formularanse probas prácticas valoradas con diferente puntuación en función da súa complexidade e dificultade na execución.

A convocatoria da realización da proba, farase coa antelación suficiente a avaliación final e explicitarase no taboleiro de anuncios do centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O profesorado do departamento, realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente

.A orde do desenvolvemento das unidades didácticas poderase ver alterada por necesidades de recursos ou por coincidencia nos talleres con outros módulos, esta decisión será a criterio do profesor docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

No caso de ser oportuno, adoptaranse as medidas de corrección pertinentes.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Sempre que se dean as circunstancias particulares nun alumno que dificulten o seu proceso de aprendizaxe ou a súa avaliación, o equipo docente deberá facer as adaptacións curriculares pertinentes que sexan precisas, contando co apoio e indicacións do departamento de orientación. Estas adaptacións faranse constar por escrito e deben ter sidas en conta no proceso avaliador. En calquera caso as respectivas adaptacións, centraranse nos contidos mínimos na programación. O que conleva que o alumno deberá acadalos todos para poder ser avaliado de forma positiva.

Co fin de detectar posibles anomalías, o equipo docente, levará a cabo unha reunión avaliadora preliminar, na data que así o determine a Xefatura de estudos. Na devandita reunión, farase unha análise tanto de forma individual como conxunta do grupo de alumnos e o mesmo tempo solicitarase o departamento de orientación sicopedagóxica de todos aqueles alumnos nos que se detecte algunha condición que poida dificultar a consecución dos obxectivos, como so: Problemas visuais, dificultade na expresión oral e escrita, dificultades na expresión lectora, problemas de audición, dificultades de concentración e de atención, dificultades no calculo básico matemático ou as faltas de asistencia sin xustificar, así como a falta de participación e integración no grupo.

Considerarase de vital importancia, os resultados obtidos na primeira avaliación. No caso de ser oportuno, adoptaranse as medidas de corrección pertinentes.

As debanditas adaptacións curriculares, irán dirixidas a correxir as dificultades de aprendizaxe, permitindo así que o alumno acade as capacidades terminais, os contidos mínimos da programación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Non cabe dúbida que o obxectivo primeiro e fundamental da educación e o de proporcionar os alumnos/alumnas, os xoves de un e outro sexo, una formación plena que lles permita conformar a súa propia identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre unha valoración ética e moral da mesma. Consideramos que tal formación debe ser dirixida e desenvolvida da súa capacidade, para exercer así en unha sociedade plural, conlevando a liberdade, a tolerancia e a solidariedade. Intentamos transmitir e exercer sobre o alumno certos valores, de tal xeito que estes fagan posible o respecto e sobre todo adquirindo hábitos de convivencia e integración do grupo.

Entre os valores que consideramos máis relevantes neste ciclo destacamos os seguintes:

- Educación moral y cívica.
- Educación para la paz.
- Educación para la salud.
- Educación ambiental.
- Educación vial.
- Educación del consumidor.
- Educación no sexista.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A principio do curso o Departamento acordará en reunión ordinaria, a realización de actividades complementarias extraescolares a levar a cabo o longo do curso. A devandita relación, entregárase a Dirección para que así poida ser aprobada polo Consello Escolar do centro.

Referente ás actividades extraescolares figuraran na programación xeral anual. O Departamento programará cada unha das actividades especificando momento e lugar de realización, repercusións económicas, obxectivos e forma de participación do alumnado. Con antelación a súa realización, se lle proporcionará o alumnado a información relativa a devandita actividade, tendo en conta que si o desenvolvemento da

actividade se leva a cabo fora do centro educativo, o Departamento deberá contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos/as que estea baixo a responsabilidade paterna ou titor/ra legal.
- c) Profesorado dispoñible.

Visitas a empresas relacionadas coa materia impartida no módulo.

Asistencia a feiras do automóbil

Asistencia a conferencias.

Elaboración de documentación fora da aula.

Participación en concursos

Excursión Cesvimap /Italia

10. Outros apartados

10.1) Seguridade

O principio do curso, entregásele o alumno un manual de seguridade nos talleres de automoción.

Hai alumnos que lle quedou materia pendente de dar a causa da suspensión das clases presenciais polo Covid 19; a eses alumnos procurarase darlle reforzo da materia non dada no curso anterior, se o desenvolvemento da presente programación o permite e sobra tempo. O encargado de reforzar esta materia pendente do curso anterior será o profesor do módulo en cuestión.

Caso de interromperse a presencialidade das clases o profesor deste módulo utilizará os medios telemáticos de que dispoña e que lle proporcione a Consellería de Educación